



# PLAN DIGITAL

## IES MARÍA CASARES

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: IES María Casares
- Localización: Avenida Ernesto Che Guevara, 140, 15179 Liáns, A Coruña
- Contacto Tlf: 981626344
- Páx web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmariacasares/>
- Etapas educativas: ESO, Bacharelato e FPBásica(electricidade e electrónica)
- Alumnado: 592 no curso 21/22
- Profesorado:62
- Persoal non docente: 8

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

*O IES María Casares sitúase na localidade de Santa Cruz, pertencente ao concello de Oleiros, que forma parte da área metropolitana da Coruña. Oleiros é un concello en constante expansión demográfica que recibe veciños da cidade da Coruña, doutras zonas de Galicia, doutras comunidades autónomas e doutros países.*

*O concello conta cunha potente rede educativa e cultural, aínda que a explosión demográfica dos últimos anos está provocando unha saturación dos centros escolares e*

*mesmo un déficit de prazas, que se verá agravado en cursos posteriores se non se aborda unha planificación axeitada a curto e medio prazo.*

*A poboación e o alumnado son maioritariamente castelán falantes; non se detecta animadversión cara o galego, pero o alumnado limita o seu uso á actividade académica.*

*O centro conta con diversos programas e actuacións (Club de Ciencia, Club de Letras, Stembach, Seccións bilingües, Recreos saudables...) que configuran unha oferta educativa ampla e atractiva para as familias da contorna.*

*Así mesmo, desenvolve un Plan de Formación Permanente no propio centro educativo, o que garante a continua actualización do profesorado.*

**Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.** *No Proxecto Educativo do centro recóllense como obxectivos específicos o uso dunha metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de ensino-aprendizaxe así como estimular a exploración e coñecemento da contorna*

*promovendo a curiosidade científica, humanística e artística. No centro contamos desde hai varios anos cun Plan de Formación Permanente do Profesorado no que se inclúen varias liñas relacionadas co ámbito STEAM e a innovación educativa: Club de Ciencia, Club de Lectura, Impresión 3D... Ademais impartimos o Bacharelato STEM desde creación (ano 2018-2019)*

.

### **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

*No curso 2021-2022, a Programación Xeral Anual fixaba como obxectivos a renovación de equipos e a mellora do acceso ás ferramentas dixitais (novas pantallas interactivas para as aulas), a mellora e potenciación da páxina web do centro así como promocionar as Aulas Virtuais como ferramenta de ensino. Pretendemos no curso 2022-2023 continuar desenvolvendo esta liña de traballo e incorporar outras como EDIXGAL (que comenza a implementarse no vindeiro curso), solicitude de adhesión ao programa Polos Creativos e outras actuacións que vaian xurdindo a medida que se vaia desenvolvendo o curso.*

### **1.3. Breve xustificación do mesmo.**

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

### **1.4. Proceso de elaboración**

O proceso de elaboración do Plan Dixital lévase a cabo dentro do grupo de traballo incluído no PFPP do centro.

Está composto por tres membros, dous pertencentes ao equipo directivo (Ángeles Balseiro e Isabel Seoane) e a coordinadora TIC (M Dolores Feijoo).

Para a elaboración do mesmo téñense en conta os resultados extraídos do informe SELFIE, o Test de Competencia Dixital Docente, o análise DAFO e as reflexións individuais que os membros aportan e se recollen do sentir da comunidade educativa.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

*Infraestrutura e equipamento:*

*O centro conta cun HOST Dell PowerEdge T430 con VMware ESXi 6.5, con varias VMs, que levan a cabo tarefas de DC, DNS Server e FS.*

*A infraestrutura de rede está distribuída nun Rack principal ubicado na planta baixa, zona de almacenaxe de secretaría que dende varios Switches D-Link distribúen conectividade Gigabit a todo o centro, repartindo 2 puntos de rede por aula/departamento.*

*No que a redes inalámbricas se refire, actualmente o centro únicamente dispón dos antigos 6 APs adicados a dar cobertura ás aulas do proxecto Abalar e 1 único AP adicional D-Link 10/100 localizado nun corredor da primeira planta.*

*Implementáronse tomas de Telefonía Voz-IP nos despachos, anulando unha das tomas de datos.*

*O centro conta actualmente con 5 aulas informatizadas con entre 15 e 22 postos por aula, 1 sótano, 1 en planta baixa, 1 no primer andar, 2 no segundo andar.*

*Os equipos dispuestos na sala de profesores son 12 equipos clónicos.*

*Para a biblioteca asignáronse 7 equipos DELL Optiplex para o alumnado e un para os docentes.*

*Servizos dixitais educativos:*

- *Páxina web do centro*  
*(<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmariacasares/>)*
- *Aulas Virtuais*  
*(<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmariacasares/aulavirtual/>)*

*Todos os equipos do centro están conectados en rede e todo o profesorado accede cun perfil de usuario.*

*Dispoñemos dunha intranet na que o profesorado pode compartir información e acceder aos documentos do centro.*

*Xestión do mantemento do equipamento do centro.*

*Debido ao número de equipos dos que dispón o centro e ao volume de incidencias que se xeneran diariamente, e tendo en conta que o profesorado non dispón nin de tempo ni dos coñecementos necesarios, vímonos na obriga de contratar unha empresa externa que realiza o mantemento informático.*

*Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo).*

**2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO**

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo		2,1	2,4	2,8	
	Profesorado		3,1	3,3	3,2	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo		1,8	1,9	2,3	
	Profesorado		2,7	2,7	3,2	
	Alumnado		2,7	2,1	3,6	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo		2,9	2,9	3,2	
	Profesorado		3,3	3,5	3,6	
	Alumnado		2,8	2,6	3	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo		3,1	3,4	3,7	
	Profesorado		3,4	3,2	3,7	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo		3,6	3,5	3,7	
	Profesorado		4	4,1	3,7	
	Alumnado		3,4	3,5	4,4	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo		2,3	2,4	2,8	
	Profesorado		3,3	3,5	3,5	
	Alumnado		2,8	2,7	3,4	
G- Prácticas de avaliación	Equipo		2,4	2,6	2,6	
	Profesorado		3	3,1	3,5	
	Alumnado		2,5	2,2	3,4	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo		2,5	2,6	2,8	
	Profesorado		3,3	3,4	3,4	
	Alumnado		2,7	2,7	2,9	

**Test CDD: información extraída do Test CDD**

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	44	47	93,60%
<b>PROVISIONAL</b>	10	12	83,30%
<b>INTERINO</b>	3	3	100,00%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	3	66,70%
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	73,6	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>	74,4	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
<b>F.P</b>	71,4	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	1	1,70%
<b>A2</b>	23	39,00%
<b>B1</b>	23	39,00%
<b>B2</b>	10	16,90%
<b>C1</b>	2	3,40%
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	59	100,00%



### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das Liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Creación de espazos para compartir recursos educativos dixitais (aulas virtuais).</li> <li>2.No centro contamos con dispositivos dixitais suficientes para o uso no ensino.</li> <li>3. Asistencia técnica externa cando surxen problemas</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.No centro os espazos non facilitan a ensinanza e aprendizaxe con tec. dixitais.</li> <li>2.Non hai puntos de acceso a internet axeitados no centro(wifi).</li> </ol>
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.O profesorado emprega recursos educativos en liña.</li> <li>2.Emprego de tecnoloxías dixitais para a comunicación relativas ao centro educativo.</li> <li>3. Uso activo e creativo de aulas virtuais.</li> <li>4.Participación do profesorado en DPC.</li> <li>5.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falta de tempo para explorar o ensino dixital.</li> <li>2. Avaliación dos progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</li> <li>3. Escaso intercambio de experiencias dentro do centro.</li> <li>4.O profesorado crea poucos recursos dixitais para reforzar o seu labor de ensinanza.</li> <li>5. O profesorado non fomenta suficientemente a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares empregando tec. dixitais</li> <li>6.O profesorado emprega poucos recursos educativos abertos.</li> <li>7.O profesorado non emprega tec. dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.</li> <li>8. O profesorado fomenta moi pouco a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares empregando tec. dixitais.</li> <li>9.O profesorado emprega tec. dixitais para que o alumnado poida realizar observacións sobre o traballo dos compañeiros.</li> </ol>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.Ensinamos ao alumnado a resolver problemas técnicos surxidos do uso das tec. dix.</li> <li>2.Ensinamos no centro a codificar ou programar.</li> <li>3.Utilización no centro de equipos</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. No centro o alumnado non aprende suficientemente a comunicarse empregando tec. dixitais</li> </ol>

		dixitais propiedade do alumnado.	
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		1. Tipoloxía da oferta educativa no centro (non temos familias de FP relacionadas coas tecnoloxías dixitais)
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	1. O equipo directivo axuda ao profesorado a que empregue tec. dixitais para fins de avaliación	1. Falta dunha estratexia dixital ben definida no centro

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Achegas económicas que recibe o centro.</li> <li>2. Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación.</li> <li>3. Estabilidade laboral do persoal docente.</li> <li>4. Estabilidade laboral do persoal non docente.</li> <li>5. Dotación de equipamento tecnolóxico.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falta un espazo corporativo para poder compartir en liña e fomentar a colaboración entre o alumnado</li> <li>2. Tempo moi insuficiente no horario do profesorado para explorar como mellorar o método de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</li> </ol>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	1. Respecto polos dereitos de autor e as licenzas de uso ao empregar tecnoloxías dixitais.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lexislación educativa.</li> <li>2. Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo.</li> </ol>
	<b>CONTORNA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Condicións socioeconómicas da contorna.</li> <li>2. Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.</li> </ol>	
	<b>ANPA</b>		<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Relación coa ANPA insuficiente.</li> <li>2. Participación insuficiente das familias.</li> </ol>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	1. Colaboración con institucións alleas ao centro educativo.	1. Pouca colaboración con outros centros ou organizacións para apoiar no uso de tec. Dixitais.

### 3. Plan de Acción.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

*Despois de analizar coas distintas ferramentas (Test CDD, Informe SELFIE e DAFO) procédese á elaboración de táboas onde se indican tanto os obxectivos a acadar como os elementos necesarios a nivel técnico e humano que son necesarios.*

*Toda esta información reflíctese nas táboas que están a continuación (páxinas seguintes) e que indican o Plan de acción previsto.*

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*Para acadar os obxectivos previstos no plan de acción precisamos:*

*Obxectivo 1: Incorporación a EDIXGAL.*

*A incorporación a EDIXGAL suporá a dotación necesaria de equipamento e conectividade nalgunhas aulas o que mellorará a dotación xeral do centro.*

*Obxectivos 2,3,4 e 5.*

*Como se pode apreciar nestes obxectivos o equipamento informático forma parte fundamental das ferramentas necesarias para abordar e acadar estes obxectivos.*

*Unha das actuacións máis necesarias, e que non depende do centro, é a mellora na infraestrutura de datos (conectividade a internet), así como de renovación de equipos informáticos: nos departamentos didácticos (postos de traballo de xestión e administración do centro), na biblioteca (xestión da biblioteca), nas salas de titoría e nas aulas que non se integren en EDIXGAL. Esta solicitude tramitarase directamente coa UAC especificando o número de equipos así como as necesidades na infraestrutura de datos. A dotación necesaria para o ciclo de FP canalizarase a través da Subdirección Xeral de Formación Profesional.*

*Igualmente, e como se reflicte na PXA, o centro seguirá traballando na mellora e consecución dunha infraestrutura tecnolóxica adecuada.*

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

<b>Área/s de mellora: Liderado (A)/ Infraestruturas e equipos(C)</b>						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Incorporación a EDIXGAL.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo Directivo, coordinador EDIXGAL.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	O alumnado de 1º ESO e 3º.ESO incorpórase ao programa EDIXGAL.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0, actualmente non hai ningún curso no programa EDIXGAL.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	70% das materias cursadas polo alumnado de 1º e 3º ESO no curso 22/23 cursaranse no programa EDIXGAL.			<b>Valor previsto e data: (4)</b>		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A01.1: Preparación do material necesario para a incorporación do alumnado ao programa EDIXGAL.</b>	Equipo Directivo, coordinador EDIXGAL.	Antes de inicio de curso.	Equipos informáticos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.2: Reparto de equipos e recollida de autorizacións.</b>	Coordinador EDIXGAL.	Primeiros quince días de curso.	Equipos informáticos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.3: Preparación do espazo virtual EDIXGAL.</b>	Coordinador EDIXGAL.	Antes de inicio do curso.	Equipos informáticos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>Área/s de mellora: Colaboración /Competencias dixitais</b>						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Grupo de traballo ou seminario sobre EDIXGAL.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Responsable EDIXGAL, Coordinador de formación do centro.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	O profesorado incorporado ao programa EDIXGAL pon en común e resolve dúbidas sobre o funcionamento do programa.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0, actualmente non contamos co programa EDIXGAL.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	40% do profesorado que imparte EDIXGAL forma parte do grupo de traballo.					
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLE S (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A021: Solicitud dun grupo de traballo ou seminario ao CFR.</b>	Coordinador de formación do centro.	Primeira avaliación.	Coordinación co CFR.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.2: Creación do grupo de traballo e do espazo necesario para traballar na aula virtual.</b>	Responsable EDIXGAL.	Primeira avaliación.	Aula virtual e equipamento infomático.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.3: Elaboración de temas de traballo para iniciarse e afondar na plataforma EDIXGAL.</b>	Responsable EDIXGAL.	Terceira avaliación.	Aula virtual e equipamento informático.		<b>Realizada</b>	

<b>Área/s de mellora: Competencias dixitais</b>						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Utilizar unha aula virtual para axudar o alumnado e outra para o profesorado a resolver dúbidas sobre traballo coa aula virtual e resolución de cuestións relacionadas coas TIC.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo Directivo, Coordinador TIC.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	O alumnado e o profesorado resolve facilmente as dúbidas de manexo coa aula virtual, Edixgal e diversas cuestións TIC.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	(3) O centro conta cunha aula virtual para alumnos e outra para o profesorado que debe promoverse e manterse activa.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	O 30% do alumnado e o profesorado emprega esta aula para resolver dúbidas durante o curso 22/23.					
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A03.1: Actualización e ampliación de titoriais e materiais explicativos para a resolución de cuestións relacionadas coas TIC.</b>	Equipo Directivo Coordinador TIC.	O espazo estará operativo antes do comezo das clases.	Aula virtual do centro, material informático.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.2: Creación de materiais necesarios en formato titorial ou videotitorial. Enlace á aula virtual.</b>	Coordinador TIC.	Ao longo do curso irase incorporando o material que se vaia solicitando.	Aula virtual do centro, material informático.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.3: Resolución de dúbidas que se poidan plantexar no foro de dúbidas.</b>	Coordinador TIC	As dúbidas resolveranse no prazo de 2-3 días.	Aula virtual do centro, material informático.		<b>Realizada</b>	

<b>Área/s de mellora: Competencias Dixitais</b>						
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Mellorar o proceso de verificación e contraste da información por parte do alumnado.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Profesorado da materia.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Realización dunha listaxe comparativa con varias fontes para unha mesma información. Análise da orixe da información, análise da fiabilidade e seriedade á hora de comunicala.Selección da información máis axeitada.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	(1) Na maioría das materias non se realiza o proceso de verificación da calidade da información.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	O 50% das materias traballan a verificación da información no curso 22/23.					
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A04.1: Elaboración dunha unidade didáctica específica para traballar os indicadores mencionados.</b>	Profesorado da materia.	1º Trimestre	Aula virtual e ordenador.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A04.2: Emprego do material preparado no primeiro trimestre do curso 22/23.</b>	Profesorado da materia.	1º Trimestre	Aula virtual e aula de informática ou Edixgal.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A04.3:Elaboración dun documento colaborativo coas conclusións que os alumnos extraen despois do traballo da unidade.</b>	Profesorado da materia	2º Trimestre	Aula virtual e aula de informática ou Edixgal.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo</b>						
<b>OBXECTIVO 5: (1)</b>	Avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Coordinador TIC/Edixgal. Profesorado da materia.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Emprego de ferramentas de avaliación avanzadas nun entorno virtual: rúbricas e guías de corrección.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 Actualmente non contamos con datos concretos de emprego destas ferramentas de avaliación avanzada na aula virtual.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	50% do profesorado do centro emprega ferramentas de avaliación avanzada no entorno virtual (aula virtual ou Edixgal) durante o curso 22-23.					
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A05.1:Sesións informativas e formativas sobre as ferramentas avanzadas de avaliación do proceso de ensino_aprendizaxe na aula virtual/Edixgal.</b>	Coordinador TIC/Edixgal	1º Trimestre	Aula virtual /entorno Edixgal e ordenador.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.2: Elaboración de rúbricas de avaliación e/ou guías de corrección na aula virtual e entorno Edixgal.</b>	Profesorado da materia.	1º Trimestre	Aula virtual e aula de informática ou Edixgal.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.3:Implementación nas aulas de cada docente das ferramentas antes indicadas.</b>	Profesorado da materia	3º Trimestre	Aula virtual e aula de informática ou Edixgal.		<b>Realizada</b>	



## 4. Avaliación do plan

Para a avaliación de cada un dos obxectivos establecidos no plan de acción procederase a unha xuntanza trimestral (coordinador dixital e directiva do centro) posterior á recollida dos datos necesarios, na que se analice cada un dos obxectivos e se cumplimente a táboa de avaliación do PD.

Así mesmo no mes de xuño levarase a cabo a avaliación xeral do Plan Dixital segundo a táboa seguinte.

Táboa para a avaliación do Plan Dixital							
Nº Obxectivo	Área mellora	de	Descrición	Responsable	Data avaliación	Seguemento	Aclaracións
						Acadada	
						En proceso	
						Non iniciada	
Avaliación final a xuño de 2023							
Nº Obxectivo	Avaliación final		Xustificación			Propostas mellora/ampliación	
	Acadada						
	Non acadada						

## 5. Difusión do plan

Unha vez concluído o Plan Dixital procederase a:

- Presentación do PD ao Claustro de profesores.
- Presentación e aprobación do PD ao Consello Escolar.
- Publicación na páxina web do centro.
- Elaboración dunha sinopse do PD para a súa presentación á comunidade educativa (reunións iniciais coas familias).